

RISCOS PSICOSOCIAIS: BBVA NON CUMPRE

Debemos asumir con naturalidade que na nosa extensa xornada laboral, o estrés continuo e a presión desmedida sexan parte inherente ao desenvolvemento da nosa función? Nos decatamos que esta situación prolongada no tempo xera alteracións no noso estado de saúde, que desemboca en problemas físicos e/ou psíquicos?



Son feitos claramente identificables, **ESTRÉS** (obxectivos irrealizables...), **VIOLENCIA** (atracos, clientes insatisfeitos, ocupación de oficinas...), **ACOSO LABORAL** (persoas opresoras,...), **IN-SEGURIDADE CONTRACTUAL** (ameaza de cambio en posto/función, non cobrar incentivos, expedientes disciplinarios...), **DESGASTE PROFESIONAL** ou "burn out" (falta de comunicación, de recoñecemento...), **CONFLITO CONCILIACIÓN FAMILIA-TRABALLO** (prolongación xornada, traslados, afastamento do domicilio familiar...), que forman parte da nosa realidade diaria, son os chamados **RISCOS PSICOSOCIAIS**, e se orixinan por unha deficiente organización do traballo e unha ambición desmedida polos resultados a custa do persoal.

Para atallar esta situación, que ten consecuencias adversas, ás veces irreparables para a nosa saúde, hai que identificar os riscos, avalialos e corrixilos, con métodos homologados e que ofrezan garantías e fiabilidade científicas, do mesmo xeito que identificamos, avaliamos e corriximos os riscos físicos: eléctricos, de iluminación, temperatura, humidade, caídas en altura, máquinas, PVD, etc.

Por iso, **CCOO**, ante a negativa de BBVA a realizar estas avaliacións a todo o persoal cun método válido e completo, iniciamos unha campaña de denuncias ante diferentes Inspeccións de Traballo e Tribunais, que nos deron e nos seguen dando a razón.

A última, [a Sentenza do Xulgado do Social de Pontevedra](#), na que ratifica a sanción por INFRACCIÓN GRAVE a BBVA, imposta pola Inspección de Traballo, por NON avaliar os riscos psicosociais do equipo, tal e como esixe a Lei de Prevención. Anteriormente xa sucedeu na Coruña.

Nesta mesma liña, hai uns días, unha Sentenza da Audiencia Nacional dá a razón a **CCOO** en Caixabank, e que, entre outras cousas, obriga á empresa a utilizar un método validado para a avaliación dos riscos psicosociais, e ditamina que non se respectaron os dereitos de consulta, participación e proposta dos representantes dos traballadores ([ler comunicado de Caixabank](#)).

Dende **CCOO** solicitamos unha reunión con BBVA para tratar e avanzar xuntos neste tema. É deber do empresario garantir a seguridade e saúde dos seus traballadores/ás. Sen dúbida, a empresa beneficiarase dunha maior funcionalidade, produtividade, eficacia e eficiencia.

Aportamos solucións, melloramos os teus dereitos.

Xuño 2014

COMFIA-CCOO BBVA sección sindical

Tel. 91 594 42 36 – Tel 93 401 53 33 – bbvaccOO@comfia.ccoo.es

Portal Sindical en espazo - <http://www.comfia.net/bbva> - <http://www.comfia.info>

adherida á [union network international](#)